

**Resolución pola que se aproba o expediente de información pública da memoria valorada:  
"Desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os puntos  
quilométricos (pp.qq.) 17+650 e 18+470", de clave LU/22/071.02**

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Axencia Galega de Infraestruturas tivo que realizar diversas actuacións de emerxencia a raíz do colapso acaecido no p.q. 18+300 da estrada LU-651 (Quiroga - Folgoso do Courel) o pasado 20 de marzo de 2022, por mor do afundimento do terreo sobre o que se asentaba a estrada, debido ao derrubamento de varias galerías da explotación mineira da Campa.

Segundo.- No Diario Oficial de Galicia (*DOG*) núm. 136 do 18 de xullo de 2022, publicouse o Anuncio do 30 de xuño de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública a memoria valorada da obra de emerxencia do desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 17+650 e 18+470, de clave LU/22/071.02, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola referida obra, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto do 26 de abril de 1957.

Terceiro.- As administracións afectadas non emitiron informes e formulouse unha (1) alegación particular á que se lle da resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado, na parte que lles afecta, ás administracións ás que se lles deu trámite de informe e ao particular que formulou a alegación.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG num. 179, do 20 de setembro).

Segundo.- Someteuse ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra, durante un período de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa.



De acordo con todo o exposto, e tras a alegación e os certificados presentados,

## RESOLVO

Aprobar o expediente de información pública da memoria valorada: "Desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 17+650 e 18+470", de clave LU/22/071.02, sen modificacións relativas ao trazado sometido a información pública.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade  
Por delegación,  
(Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017)

O director da Axencia Galega de Infraestruturas  
Francisco Menéndez Iglesias

